

MEMORIA DE ACTIVIDADES
EQUIPO DE MEDIACIÓN ESCOLAR.
CURSO 2010-11



IES "Afonso X O Sabio"

A Barcala- CAMBRE

1.- A MEDIACIÓN ESCOLAR

É un feito indudable que, nos derradeiros cursos académicos, os problemas de convivencia están a aumentar nos Centros de ensino. O alumnado recorre ffacilmente a agresión verbais, incluso físicas, diante de situacións que poderían resolverse co diálogo.

Por eso, neste senso, consideramos necesario seguir desenvolvendo e promovendo diferentes estratexias e propostas favorables a unha cultura de paz e de entendemento. Entre eles elaborando distintos mecanismos e protocolos de actuación. Así, xa nos derradeiros Cursos académicos, púxose a andar neste IES, promovido polo Departamento de Orientación do Centro e a Dinamización de Convivencia, un **Equipo de Mediación Escolar**, integrado por 21 alumn@s, 1 persoal non docente, 1 pais e nais, e 2 profesor@s, todos eles voluntari@s.

Pese a certas reticencias iniciais, a decidida aposta pola “Mediación entre iguais” resultou altamente positiva. Deste xeito, podemos explicar o paulatino aumento d@s seus membros nos derradeiros cursos, e a súa consolidación no organigrama do Centro. Actualmente existen alumnos mediadores en todos os niveis educativos: ESO, Bacharelato e Ciclos.

Recentemente, segundo a Orde de 17 de Xullo de 2007, incorporouse a figura d@ Dinamizador@ de Convivencia Escolar. E asimismo constitúese unha comisión de Observatorio da Convivencia dentro do Consello Escolar.

No anterior curso académico rexistráronse entre 5-8 casos de mediación formal. Un deles resultou un caso especialmente complexo pois tratábase dun conflito múltiple e desigual, que foi resolto cun grande esforzo. Na meirande parte dos casos o alumnado afectado foi sobre todo de 1º de ESO, acadando especial protagonismo en moitos casos o uso das redes sociais. Interviron na resolución dos casos a maioría do alumnado mediador e os observadores designados.

Convén ter en conta que as habilidades ou estratexias de mediación escolar, impartidas cada ano no IES, tamén foron utilizadas de maneira informal, co fin de resolver diversos conflitos puntuais entre iguais dentro do IES.

2.- ACTIVIDADES DESENVOLTAS:

A.- CAMPAÑA DE DIFUSIÓN DA MEDIACIÓN ESCOLAR.

En Outubro de 2010 os alumn@s mediador@s do Curso anterior foron informando as distintas aulas do Instituto sobre o contido da Mediación e o Equipo de Mediación, coincidindo coas horas de Titoría. Repartiuse a cada alumn@ un tríptico informativo, que figura no Anexo, e na mesa do profesor de cada aula deixáronse as Cartas de Solicitud para ser Mediador/a, tanto para el@s como para as familias ou unidades de convivencia. Un dos requisitos para ser Mediador/a é a asistencia aos Cursos de Formación que no IES realizáronse no mes de Novembro, durante tres tardes.

Deste xeito, no presente Curso, engadíronse novos mediadores. Actualmente o Equipo de Mediación conta con alumnos en todos os niveis educativos, ESO, Bacharelato e Ciclos.

B.- “V CURSO DE FORMACIÓN DE MEDIADORES ESCOLARES”, ORGANIZADO POLO IES.

En Novembro celebráronse as sesións do “*V Curso Formación de Mediadores Escolares*”, no IES “Afonso X O Sabio”, aberto a participación do alumnado, profesorado, familias e persoal non docente.

Engádese tríptico informativo, no Anexo final, co programa e xustificación do mesmo.

Os materiais empregados foron os elaborados polo Equipo de Mediación, e empregados nos derradeiros Cursos, entre o Departamento de Orientación e a Dinamización da Convivencia. As sesións desenvóléronse na Aula de Pizarra Dixital do IES, contando coa asistencia de 10-12 persoas; 11 dos cales foron alumn@s e 1 nai.

Na derradeira sesión foi elixido o lema para o presente Curso: “+ Mediación -Conflicto”

C.- ENTREGA DE DIPLOMAS E CARNETS AOS MEDIADOR@S.

A principios de Xaneiro, entregáronse Diplomas acreditativos @s asistentes ao “*V Curso de Formación de Mediadores Escolares*”, así como os carnets a tod@s @s integrantes do Equipo de Mediación do IES.

Dita actividade desenvolveuse no Salón de Actos, contando coa presenza do Equipo Directivo do Centro.

D.- OBRADOIRO DA CONVIVENCIA.

No mes de Marzo, nunha tarde fora do horario escolar, celebrouse un Obradoiro da Convivencia, con actividades para difusión a labor da Mediación Escolar. Así, en colaboración co Departamento de Plástica, un grupo de alumn@s, que non forman parte do Equipo de Mediación, debuxaron unha gran pancarta do lema elixido no V Curso de mediación desenvolto no IES, e que este ano foi: “+ Mediación - Conflicto”.

Durante a sesión os integrantes do Equipo de Mediación dividíronse en dous grupos: un para elaborar diferentes murais para decorar os paneis no hall de entrada ao IES, e outro na Aula de Informática.

E.- I ENCONTROS DE MEDIACIÓN ESCOLAR. FISTERRA

O Equipo de Mediación foi invitado a participar polo IES Fisterra e o IES de Ortigueira a unhas Xornadas de Convivencia, en colaboración con outros 14 Centros, caso do IES “Parga Pondal” de Carballo, IES “Carlos Casares” de Viana do Bolo, IES Leiras Pulpeiro de Lugo., IES Xulián Magariños de Negreira, IES Elviña de A Coruña, IES Agra de Raíces de Cee, IES Pedra da Aguiña de Ponte do Porto, entre outros. Tivo lugar nunha única sesión de traballo que tivo lugar o 1 de Abril, en xornada de mañá e tarde. Asistiron do noso Centro 9 alumn@s e 3 profesores, resultando unha experiencia altamente positiva.

F.- XORNADAS DE CONVIVENCIA EN GANDARÍO (BERGONDO) CO IES “NEIRA VILAS” DE PERILLO (OLEIROS).

No mes de Maio, celebrouse xunto co IES Neira Vilas unha xornada de convivencia durante os días 20-21 de Maio, no Albergue de Gandarío (Bergondo). Dita actividade foi posible gracias a colaboración do Concello de Cambre.

Na mesma participaron 20 alumnos e 2-3 profesores de ámbolos dous Centros, así como 2 magníficos monitores de tempo libre. A experiencia resultou moi gratificante e enriquecedora; tendo intención de repetila ó vindeiro Curso.

Engádesse no Anexo Final o programa de actividades desenvolto nos dous días.

G.- ACTIVIDADE FINAL DE CURSO. AVALIACIÓN DE ACTIVIDADES.

Xa no derradeiro mes de Xuño, os alumnado Mediador, durante os períodos de recreo da ESO e de Bacharelato, colaborou na organización e decoración dunha Exposición coas actividades desenvoltas ao longo do Curso.

Asimesmo, está previsto que todo o alumnado mediador participará na elaboración nunha breve enquisa de autoavaliación.

H.- OUTRAS ACTIVIDADES:

O labor desenvolvida ao longo dos últimos anos, foi recoñecida fora do Centro:

- O MEC e a Xunta de Galicia invitounos a participar e expor a nosa experiencia de Mediación Escolar no “Congreso Nacional da Convencia, de Boas Prácticas e de Partipación Cidadá” que tivo lugar en Outubro de 2010, en Palma de Mallorca.

A participación do noso centro consistiu na presentación dunha comunicación en dito Congreso, baixo o título: “Educación Emocional e Mediación Escolar”

- Asimmesmo, o CEFORE de A Coruña invitounos, no mes de Maio, a participar na I Xornadas de Orientadores Escolares celebradas na sede da UNED, co fin de expoñer o traballo desenvolvido no tema de Mediación escolar no IES “Afonso X O Sabio”.

ANEXO FOTOGRÁFICO:



Unha das sesións do V Curso de Formación em Mediación Escolar.



Entrega de diplomas acreditativos e carnets de mediador@s, a cargo do Director do Centro.



Foto de grupo da maioría d@s mediador@s.



No Obradoiro de Mediación para difundir as actividades.



No Obradoiro tamén se confecciona unha pancarta co lema do Curso.



Excursión a Fisterra dun grupo de mediador@s a I Xornadas de Mediación.



Excursión de final de Curso. Xornada de convivencia, ao Albergue de Gandarío, co IES "Neira Vilas" de Perillo (Oleiros). Colaboración do Concello de Cambre.



Sesión de traballo sobre mediación escolar durante a estada en Gandarío.



Foto de grupo. Maio de 2011